



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 226 · Xoves, 1 outubro 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Carballada de Avia

- Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións para a prevención e defensa contra os incendios forestais..... 2
- Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos con persoal e medios municipais..... 2

##### Ourense

- Bases reguladoras para o impulso da actividade económica no municipio de Ourense para paliar os efectos da COVID-19: liña de axudas para persoas autónomas..... 2
- Extracto das bases reguladoras para o impulso da actividade económica no municipio de Ourense para paliar os efectos da COVID-19: liña de axudas para persoas autónomas..... 22
- Exposición pública dos padróns fiscais das taxas pola subministración de auga, polo servizo de sumidoiros e tratamento e depuración de augas residuais e polo servizo de recollida de lixo, así como do canon de Augas de Galicia, correspondentes ao 3º bimestre de 2020 e prazo de cobranza en período voluntario..... 23

##### Ramirás

- Exposición pública da aprobación inicial dos expedientes de modificación de créditos n.º 04/2020, n.º 05/2020, n.º 06/2020, n.º 07/2020, n.º 08/2020, n.º 09/2020..... 24

##### Mancomunidade do Ribeiro

- Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 1/2020..... 25

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

##### Xulgado do Social n.º 1 de Ourense

- Citación para a realización de actos de conciliación e xuízo e prestar confesión xudicial a Cufica Los Campos, SL, Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordeño, SL, e Pizarras La Soledad, SL, no procedemento despedimento/cesamentos en xeral 40/2020..... 26
- Citación para a realización de actos de conciliación e xuízo e prestar confesión xudicial a Cufica Los Campos, SL, Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordeño, SL, e Pizarras La Soledad, SL, no procedemento despedimento/cesamentos en xeral 45/2020..... 26
- Notificación de resolución a Fernando Pérez do Río, no procedemento despedimento/cesamentos en xeral 143/2020..... 27

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Carballada de Avia

- Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de Biomasa y Distancias de las Plantaciones para la Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales..... 2
- Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Precio Público por la Prestación de Servicios con Personal y Medios Municipales ..... 2

##### Ourense

- Bases reguladoras para el impulso de la actividad económica en el municipio de ourense para paliar los efectos de la COVID-19: línea de ayudas para personas autónomas..... 12
- Extracto de las Bases reguladoras para el impulso de la actividad económica en el municipio de Ourense para paliar los efectos de la covid-19: línea de ayudas para personas autónomas..... 22
- Exposición pública de los padrones fiscales de las tasas por el suministro de agua, por el servicio de alcantarillado y tratamiento y depuración de aguas residuales y por el servicio de recogida de basuras, así como del canon de Augas de Galicia, del al 3º bimestre de 2020 y plazo de cobro en período voluntario..... 24

##### Ramirás

- Exposición pública de la aprobación inicial de los expedientes de modificación de créditos n.º 04/2020, n.º 05/2020, n.º 06/2020, n.º 07/2020, n.º 08/2020, n.º 09/2020..... 25

##### Mancomunidad de O Ribeiro

- Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos n.º 1/2020..... 25

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

##### Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense

- Citación para a celebración de actos de conciliación y juicio y prestar confesión judicial a Cufica Los Campos, SL, Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordeño, SL, y Pizarras La Soledad, SL, en el procedimiento despido/ceses en general 40/2020..... 26
- Citación para a celebración de actos de conciliación y juicio y prestar confesión judicial a Cufica Los Campos, SL, Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordeño, SL, y Pizarras La Soledad, SL, en el procedimiento despido/ceses en general 45/2020..... 27
- Notificación de resolución a Fernando Pérez do Río, en el procedimiento despido/ceses en general 143/2020..... 28



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Carballada de Avia

O Pleno deste concello aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións para a prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carballada de Avia, na sesión que tivo lugar o día 25 de setembro de 2020. De conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, expónse ao público na secretaría municipal durante o prazo de 30 días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Carballada de Avia, 28 de setembro de 2020. A alcaldesa en funcións.

Asdo.: Noemí Alonso Cubo.

Documento asinado electronicamente.

*El Pleno de este ayuntamiento aprobó inicialmente la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de Biomasa y Distancias de las Plantaciones para la Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de Carballada de Avia, en la sesión celebrada el día 25 de septiembre de 2020.*

*De conformidad con lo dispuesto en el art. 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se expone al público en la secretaría municipal durante el plazo de 30 días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, con el fin de que los interesados puedan presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

*Carballada de Avia, 28 de septiembre de 2020. La alcaldesa en funciones.*

*Fdo.: Noemí Alonso Cubo.*

*Documento firmado electrónicamente.*

**R. 2.313**

##### Carballada de Avia

O Pleno deste concello aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos con persoal e medios municipais do Concello de Carballada de Avia, na sesión que tivo lugar o día 25 de setembro de 2020. De conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, expónse ao público na secretaría municipal durante o prazo de 30 días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Carballada de Avia, 28 de setembro de 2020. A alcaldesa en funcións.

Asdo.: Noemí Alonso Cubo.

Documento asinado electronicamente.

*El Pleno de este ayuntamiento aprobó provisionalmente la Ordenanza Fiscal Reguladora del Precio Público por la Prestación de Servicios con Personal y Medios Municipales del Ayuntamiento de Carballada de Avia, en la sesión celebrada el día 25 de septiembre de 2020. De conformidad con lo dispuesto en el art. 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se expone al público en la secretaría*

*municipal durante el plazo de 30 días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, con el fin de que los interesados puedan presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

*Carballada de Avia, 28 de septiembre de 2020. La alcaldesa en funciones.*

*Fdo.: Noemí Alonso Cubo.*

*Documento firmado electrónicamente.*

**R. 2.314**

#### Ourense

Concellería de Educación, Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional

Bases reguladoras para o impulso da actividade económica no municipio de Ourense para paliar os efectos da COVID-19: liña de axudas para persoas autónomas

Base 1ª. Obxecto. Beneficiarios das subvencións: requisitos.

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria e o procedemento para a tramitación e concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos traballadores autónomos que exerzan a súa actividade económica no municipio de Ourense e que se visen afectados pola crise derivada da pandemia do COVID 19.

2. Para estes efectos, considéranse traballadores autónomos as persoas físicas que cumpran os seguinte requisitos:

a) Ser traballadores autónomos, incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, ou nalgunha das mutualidades de previsión social ás que se refire a disposición adicional 5ª da Lei do estatuto do traballo autónomo.

Entenderanse incluídos todos os traballadores aos que se refire o artigo 1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do estatuto do traballo autónomo, coa excepción dos autónomos colaboradores aos que se refire o apartado 5 desta base.

Entenderanse excluídas as persoas físicas que se atopen nos supostos previstos no artigo 2 da dita lei.

b) Estar dados de alta na matrícula do imposto de actividades económicas, figurando como domicilio da actividade económica o municipio de Ourense.

Considerarase como domicilio da actividade económica o que figure na matrícula do imposto de actividades económicas, tendo en conta o establecido ao respecto na regra 5ª da instrución do IAE aprobada por Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro.

Non obstante o anterior, poderán ser tamén beneficiarios das subvencións os traballadores autónomos que, cumprindo o resto de requisitos da convocatoria, non figuren na matrícula do IAE do municipio de Ourense debido a que a súa actividade económica non estea suxeita a este imposto por tratarse de actividade agrícola, actividade gandeira dependente ou actividade forestal. Estes traballadores acreditarán o domicilio da súa actividade económica mediante calquera documento que acredite a titularidade da súa explotación.

3. Consideraranse traballadores autónomos afectados pola crise sanitaria do COVID 19 aos traballadores autónomos do municipio de Ourense nos que concorran os seguintes requisitos:

a) Atoparse de alta no correspondente réxime de Seguridade Social e na matrícula do IAE do municipio de Ourense o 14 de marzo de 2020, manténdose na dita situación na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia desta convocatoria.

b) Terse visto obrigados ao cesamento da súa actividade conforme ao previsto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, de declaración do estado de alarma ou, alternativamente, ter

experimentado, no mes de abril de 2020, unha redución da súa facturación igual ou superior ao 50 % da media mensual de facturación do semestre natural anterior.

4. En todo caso, será requisito imprescindible para ser beneficiario da subvención que o solicitante non incorra en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e non ter débeda pendente de pago coa administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou co Concello de Ourense. Estes requisitos deben cumprirse na data de pagamento da subvención, e acreditarse mediante declaración responsable do interesado coa solicitude, verificándose de oficio, en todo caso, a inexistencia de débedas do Concello de Ourense.

5. Non poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas bases os traballadores autónomos colaboradores. Considéranse autónomos colaboradores, para estes efectos, o cónxuxe e os familiares ata o segundo grao por consanguinidade, afinidade ou adopción que convivan co traballador autónomo titular da actividade económica, realicen traballos retribuídos para este e non teñan a consideración de traballadores por conta allea conforme ao artigo 1.3.e) do Estatuto dos traballadores.

#### Base 2ª. Normativa aplicable

1. Sen prexuízo das especificacións establecidas nestas bases, serán de aplicación ao procedemento e ás subvencións que constitúen o seu obxecto as disposicións vixentes en materia de subvencións aplicables ao Concello de Ourense, integradas pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense (BOP de 9.07.2005) e as bases de execución do orzamento municipal, así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2. A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como ao de eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

#### Base 3ª. Crédito orzamentario

A contía total destinada para o outorgamento destas axudas será de 20.000.000 de euros con cargo á aplicación orzamentaria número 200 4330 47900 (RC con n.º operación 202000038610, do 25 de agosto de 2020, no expediente relacionado n.º 2020024526).

#### Base 4ª. Contía das axudas

A subvención que se concederá aos solicitantes que reúnan os requisitos para ser beneficiarios terá unha contía fixa e igual para todos dun importe de 2.000 euros, que se farán efectivos nun pago único.

#### Base 5ª. Compatibilidade con outras subvencións

Estas axudas, pola súa contía, teñen a consideración de subvencións sometidas ao réxime de mínimos e non vulneran o establecido no Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24.12.2013).

A percepción das subvencións reguladas nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda concedida polo

Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración pública diferente ao Concello de Ourense.

#### Base 6ª. Prazo e forma de presentación das solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP).

2. As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado (anexo I) e a ficha de datos bancarios (anexo II) para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria, estarán dispoñibles na web municipal [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal), así como nas oficinas do Servizo de Emprego e Promoción Económica e na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros do Concello de Ourense.

3. As solicitudes, dirixidas ao Servizo de Emprego e Promoción Económica, deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma vixente, conforme ao establecido na disposición final 7ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)

A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello de Ourense, accesible a través do enlace <https://sede.ourense.gob.es>, mediante o procedemento habilitado para o efecto no que se contén o formulario do anexo I e anexo II. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

4. A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido será causa de inadmisión da solicitude.

#### Base 7ª. Documentación para achegar.

1. A solicitude realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

a) O formulario normalizado de solicitude recollido no anexo I destas bases, asinado de forma electrónica ou manual pola persoa interesada ou o seu representante. No dito formulario contense a declaración responsable de non incorrer en prohibición legal de obtención de subvencións.

b) A documentación anexa que se indica no apartado 2.

2. A documentación anexa que debe acompañar o formulario normalizado de solicitude será a seguinte:

#### 2.1. Con carácter xeral:

a) Informe de vida laboral actualizado, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que conste a data de alta no RETA ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. No caso de profesionais integrados en mutualidades de previsión social como alternativa ao RETA, achegarase certificación expedida pola mutualidade profesional correspondente na que conste que o solicitante se atopaba de alta o 14 de marzo de 2020 e se mantén nesa situación na data de publicación da convocatoria destas subvencións no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

b) Ficha de datos bancarios asinada polo beneficiario (anexo II).

c) No caso de que a solicitude se formule a través de representante legal deberá acreditar a dita representación segundo o disposto no artigo 5.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.2. No caso de persoas autónomas que exerzan a súa actividade a través de sociedades, comunidades de bens, cooperativas, ou outras entidades con ou sen personalidade xurídica, ademais da documentación establecida no apartado anterior, deberá presentarse a seguinte:

a) CIF da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica.



b) Documentación acreditativa da condición de socio ou comeneiro, mediante calquera medio admisible en Dereito (a título de exemplo: copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente, ou ben copia do contrato ou título constitutivo da sociedade civil, comunidade de bens ou entidade sen personalidade xurídica de que se trate, na que conste a condición de socio ou comeneiro do interesado, ou ben copia do título de adquisición das accións ou participacións sociais ou da correspondente cota na comunidade de bens).

c) No suposto no que o solicitante non sexa o representante legal da entidade a través da que se exerce a actividade económica, e a dita actividade non se vise sometida a peche legal polo estado de alarma, deberá achegarse, ademais, declaración responsable da redución da facturación da entidade no mes de abril de 2020 nun 50 % ou máis con respecto á media de facturación do semestre natural anterior, asinada polo representante legal da dita entidade.

2.3. No caso de persoas autónomas que non figuren na matrícula do IAE do municipio de Ourense debido a que a súa actividade económica non estea suxeita a este imposto por tratarse de actividade agrícola, actividade gandeira dependente ou actividade forestal, achegarse o título de propiedade da explotación que se trate ou a documentación administrativa que acredite a súa inscrición no correspondente rexistro administrativo da Xunta de Galicia, na que conste como titular da explotación.

3. A exigencia da documentación indicada no apartado 2 xustifícase pola falla de dispoñibilidade de acceso a ela a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Base 8ª. Tramitación do procedemento de concesión

1. Unha vez recibidas as solicitudes, o Servizo de Emprego e Promoción Económica procederá ao seu estudo, tramitándose por orde cronolóxica de presentación nos seguintes termos:

a) No caso de que a documentación presentada estivese incompleta, notificaráselle ao interesado cun requirimento de emenda de deficiencias, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación ou emenda de erros que proceda, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude. Para a realización da emenda de deficiencias, os interesados deberán utilizar o modelo anexo III.

b) No caso de que a documentación presentada estivese completa, formularase proposta de resolución de concesión ou denegación da subvención, da que se dará traslado á Concellería - Delegada de Emprego e Promoción Económica, que resolverá o que proceda, concedendo a subvención no caso de que cumpra os requisitos establecidos ou denegándoa en caso contrario.

Para os efectos de axilizar a tramitación do procedemento, poderán agruparse varias solicitudes nunha única proposta de resolución. Igualmente, o servizo instrutor do procedemento poderá tramitar antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes as xa presentadas, e propor o pagamento das que cumpran cos requisitos esixidos ou solicitar a emenda da solicitude das que non o cumpran.

As resolucións de denegación das subvencións solicitadas notificaranse de forma individual aos interesados nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo común.

Ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións de concesión das subvencións non serán obxecto de notificación individual, substituíndose esta pola publicación dun anuncio no taboleiro de anun-

cios da sede electrónica do Concello de Ourense. O anuncio de publicación non conterá os datos persoais dos beneficiarios, identificándose as solicitudes concedidas exclusivamente polo número de rexistro de entrada da solicitude correspondente.

2. A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible. Para estes efectos, e no caso de esgotamento do crédito orzamentario, establécese como criterio de prelación a data e hora de rexistro de entrada da solicitude completa no rexistro do Concello de Ourense ou no rexistro alternativo previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. En caso de non presentarse a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de rexistro de entrada a da presentación da emenda de deficiencias da documentación relativa á devandita solicitude.

Base 9ª. Resolución. Réxime de recursos.

1. A competencia para resolver as solicitudes correspóndelle á Alcaldía.

2. O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de tres meses que se computarán dende a data de entrada da solicitude completa no rexistro do Concello de Ourense. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Base 10ª. Pagamento da axuda

O pagamento destas axudas realizarase pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión.

Base 11ª. Xustificación da subvención.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da situación definida na base 1ª, as subvencións entenderanse xustificadas polo acto da concesión.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención municipal poderá realizar controis financeiros das subvencións pagadas e concedidas, de conformidade co establecido no título III da Lei xeral de subvencións. As actuacións de control financeiro poderán estenderse á totalidade dos beneficiarios, ou ben realizarse sobre unha mostra aleatoria de casos e/ou sobre determinados expedientes nos que se motive a necesidade da realización do control financeiro, debendo quedar constancia no expediente do procedemento seguido para a súa determinación.

Se no informe de control financeiro emitido pola Intervención se advertire a existencia de causas legais de reintegro previstas na Lei xeral subvencións, o órgano municipal competente iniciará de oficio os expedientes correspondentes, dentro do prazo de prescrición da acción de reintegro, sen prexuízo da posibilidade do exercicio da potestade sancionadora, no caso de ser procedente.

Base 12ª. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

1ª) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola lexislación vixente en materia de subvencións.

2ª) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 36 e 37 da Lei xeral de subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a tivesen impedido, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

O procedemento de reintegro rexerese polo establecido ao respecto na lexislación de subvencións aplicable.

Base 13ª- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento polo Concello de Ourense dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conxuntamente ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Ourense determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Ourense, cuxo representante legal é o seu alcalde, don Gonzalo Pérez Jácome, con domicilio para os efectos de notificacións na casa do concello, situada na praza Maior, n.º 1, en Ourense, teléfono de contacto 988 388 100 e correo electrónico [alcaldia@ourense.gal](mailto:alcaldia@ourense.gal)

b) O delegado de protección de datos é don Daniel Neira Barral con domicilio, para os efectos de notificacións, na praza Maior n.º 1, 32003 en Ourense, teléfono de contacto 988 388 100 e correo electrónico; [dpd@ourense.gal](mailto:dpd@ourense.gal)

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria.

En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Ourense.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei xeral de subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se cederán a terceiros nos supostos previstos no apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento ou polo terceiro ao que se lle comuniquen os datos, e sempre que non prevaleara o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos.

Para estes efectos, na publicación cada subvención concedida identificarase exclusivamente polo número de rexistro de

entrada da solicitude correspondente. As publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo Concello de Ourense ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións ao Concello de Ourense na súa condición de administración pública concedinte (artigo 6.1.c do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para a acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao Concello de Ourense serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polos solicitantes poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos ditados no procedemento, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello de Ourense de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitarlle en todo momento á Alcaldía o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados neste procedemento ao Concello de Ourense.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

(Ver anexos páx. 6-11)

Anexo I  
Solicitud de axuda

## I. Datos da persoa solicitante

Apelidos e nome

DNI

Enderezo

Teléfono

Correo electrónico

## II. E, na súa representación

Nome/razón social	
Primeiro apelido	
Segundo apelido	
NIF	

## III. Perfil da persoa solicitante

 Autónomo persoa física ou profesional Autónomo societario: Sociedade Mercantil       CB/SC       Outras

## IV. Datos para notificación

Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	

## V. Datos bancarios

Titular da conta	
Número de conta (IBAN)	

## VI. Datos da actividade económica

Razón social	
CIF	
Actividade económica	
Epígrafe IAE	
Titular da actividade (no caso de autónomos societarios)	

## VII. Declaración responsable:

1) Que a actividade desenvolvida pola persoa solicitante se viu afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 do 14 de marzo, ou, no caso de que a actividade da persoa solicitante non fose afectada polo peche de establecementos decretado no RD 463/2020 do 14 de marzo, sufriu unha redución da súa facturación no mes de abril de 2020 do 50% ou máis da media de facturación do semestre natural anterior.

2) Que se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3) Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei de subvencións de Galicia, atopándose ao corrente das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social e non tendo débedas pendente de pago coa administración da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ourense, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

4) Que, cumprindo os requisitos esixidos na convocatoria, solicita a concesión dunha subvención de 2.000 euros na súa condición de persoa traballadora autónoma no municipio de Ourense afectada pola crise sanitaria da COVID 19.

## VIII. Documentación que achegará

## 1.- Con carácter xeral:

Anexo I. Solicitude asinada.

Informe da vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. No caso de profesionais integrados en mutualidades de previsión social como alternativa ao RETA, certificación actualizada na que conste que a persoa solicitante se atopaba de alta o 14 de marzo de 2020 e se mantén ata a data de publicación destas subvencións no BOP de Ourense.

Anexo II. Ficha de datos bancarios asinada.

No caso de que a solicitude se formule a través de representante legal, documentación acreditativa da representación legal, segundo o disposto no artigo 5.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documentación acreditativa de autónomo sen matrícula no IAE do municipio de Ourense, se é o caso, (título de propiedade da explotación ou a documentación administrativa que acredite a súa inscrición no correspondente rexistro administrativo da Xunta de Galicia, na que conste como titular da explotación).

2.- No caso de persoas autónomos que exerzan a súa actividade a través de sociedades, comunidades de bens, cooperativas, ou outras entidades con ou sen personalidade xurídica, ademais da documentación establecida no apartado anterior, deberá presentar a seguinte:

CIF da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica.

Documentación acreditativa da condición de socio/a ou comuneiro/a.

Declaración responsable da redución da facturación da entidade no mes de abril de 2020 nun 50% ou máis, con respecto á media de facturación do semestre natural anterior, asinada polo representante legal da dita entidade. (No suposto de que a persoa solicitante non sexa o/a representante legal da entidade a través da que se exerce a actividade económica, e a dita actividade non se vise sometida a peche legal polo estado de alarma).



## IX. Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Concello de Ourense
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destino dos datos	Departamentos municipais con competencias na tramitación da materia sobre a que verse a súa solicitude. Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polas persoas solicitantes poderán ser cedidos a terceiras persoas nos supostos recollidos na base 13º desta subvención.
Exercicio de dereitos	Poderá exercer os seus dereitos mediante unha solicitude realizada perante o Concello de Ourense, solicitude que poderá presentarse segundo as formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Contacto delegado de protección de datos: dpd@ourense.gal
Máis información	<a href="https://sede.ourense.gob.es/public/description/dataprotectionpolicy/polpriv.xhtml">https://sede.ourense.gob.es/public/description/dataprotectionpolicy/polpriv.xhtml</a>
Normativa de aplicación: Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, en congruencia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas (RGPD)	

Sinatura da persoa solicitante ou representante





Anexo II  
ficha de datos bancarios

Anexo 2. Ficha de datos bancarios:  
Liña de axudas para persoas autónomas

Datos da persoa solicitante da subvención

Nome ou razón  
social

CIF ou  
NIF

Enderezo

Teléfono

Fax

e-mail

Datos da persoa representante do/a solicitante da subvención

Nome

NIF

Cargo

Datos bancarios da conta designada para facer os pagos que correspondan neste procedemento

IBAN

Para cubrir pola persoa solicitante

ü Declaro, baixo a miña responsabilidade, que a conta bancaria designada é da miña titularidade e comprométo-me a manter esta situación ata a completa resolución do expediente

Para cubrir pola persoa representante do/a solicitante

ü Declaro, baixo a miña responsabilidade, que:

A conta bancaria designada é de titularidade do/a solicitante da subvención, comprométo-me a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

Que actúo en representación do/a solicitante da subvención.

Sinatura da persoa solicitante ou representante



## Anexo III

## Modelo normalizado para emenda de deficiencias na solicitude

## I. Datos da persoa solicitante

Apelidos e nome	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	

## II. E, na súa representación

Nome/razón social	
Primeiro apelido	
Segundo apelido	
NIF	

Expediente Nº (campo obrigatorio a cubrir polo solicitante)

Expón:

1º) Que no expediente de referencia, o Concello de Ourense requiriulle a emenda das deficiencias documentais, advertidas na súa solicitude.

2º) Que en cumprimento do dito requirimento, achega a seguinte documentación:

Formulario normalizado, anexo I das presentes bases, asinado de forma electrónica ou manual pola persoa interesada ou o seu representante

Observacións:

Informe de vida laboral actualizado ou certificación expedida pola mutualidade profesional

Observacións:

Ficha de datos bancarios asinada polo beneficiario (Anexo II)

Observacións:

Documento que acredite a representación do interesado conforme ao artigo 5.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Observacións:

CIF da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica

Observacións:

Documentación acreditativa da condición de socio ou comuneiro, mediante calquera medio admisible en Dereito

Observacións:

Declaración responsable da redución da facturación da entidade no mes de abril de 2020 nun 50 % ou máis con respecto á media de facturación do semestre natural anterior, asinada polo representante legal da dita entidade

Observacións:

Título de propiedade da explotación que se trate ou a documentación administrativa que acredite a súa inscrición no correspondente rexistro administrativo da Xunta de Galicia, na que conste como titular da explotación

Observacións:

Polo exposto, solicita:

Que se teña por presentado o presente escrito de emenda de deficiencias e se incorpore ao expediente de referencia, continuando a tramitación da solicitude formulada.

Sinatura da persoa solicitante ou representante:

Lugar e data:

Sinatura

Ourense, na data de sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome



### Concejalía de Educación, Promoción Económica, Recursos Europeos y Formación Ocupacional

En cumplimiento del acuerdo tomado por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Ourense, en la sesión del 25.09.2020, por medio del presente anuncio se publica el texto íntegro de las siguientes bases reguladoras:

Bases reguladoras para el impulso de la actividad económica en el municipio de Ourense para paliar los efectos de la COVID-19: línea de ayudas para personas autónomas

Base 1ª. Objeto. Personas beneficiarias de las subvenciones: requisitos

1. Constituye el objeto de las presentes bases la regulación de la convocatoria y el procedimiento para la tramitación y concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de subvenciones a las trabajadoras y trabajadores autónomos que ejerzan su actividad económica en el municipio de Ourense y se viesen afectados por la crisis derivada de la pandemia de la COVID 19.

